

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

1969 *Real decreto 88/2013, do 8 de febreiro, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores» do Regulamento de aparellos de elevación e mantención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.*

O artigo 2º do Regulamento de aparellos de elevación e mantención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, estipula que ese regulamento será de aplicación para cada clase de aparellos cando entre en vigor a instrución técnica complementaria (ITC) que corresponda e nos prazos que se establezan en cada unha delas.

Dese modo, por Orde do Ministerio de Industria e Enerxía do 19 de decembro de 1985 foi aprobada a Instrución técnica complementaria MIE-AEM-1 do Regulamento de aparellos de elevación e mantención referente a ascensores electromecánicos, que foi modificada mediante Orde do 23 de setembro de 1987. Por Orde do 12 de setembro de 1991 foi de novo modificada, para incluír os ascensores hidráulicos, e pasou a ser denominar Instrución técnica complementaria MIE-AEM 1 sobre ascensores movidos eléctrica, hidráulica ou oleoelectricamente.

A referida Instrución técnica complementaria MIE-AEM 1, nas súas distintas versións, baseábase na Directiva do Consello 84/529/CEE, relativa á aproximación da lexislación dos Estados membros sobre os ascensores movidos electricamente, e as súas modificacións, todas elas de carácter optativo ou voluntario.

Posteriormente, a Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de xuño de 1995, sobre a aproximación das lexislacións dos Estados membros, relativas aos ascensores, estableceu un novo marco, que pasou a ser obrigatorio, baseado no denominado «novo enfoque» e, para a súa aplicación, foi ditado o Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores, modificado, pola súa vez, polo Real decreto 57/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establecen prescricións para o incremento da seguranza do parque de ascensores existente. A Directiva 95/16/CE establece, entre outras disposicións, requisitos esenciais de seguranza e saúde obrigatorios para o deseño e fabricación dos ascensores e compoñentes de seguranza, cuxo cumprimento se pode realizar a través das correspondentes normas harmonizadas, as cales, ben que teñen un carácter voluntario, gozan da denominada «presunción de conformidade».

Por isto, o Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, derogou o Regulamento de aparellos de elevación e mantención, con excepción dos seus artigos 10, 11, 12, 13, 14, 15, 19 e 23, soamente nas materias obxecto do citado real decreto, e tamén a Instrución técnica complementaria MIE-AEM 1 do Regulamento de aparellos de elevación e mantención, aprobada pola Orde do 23 de setembro de 1987 e modificada pola Orde do 12 de setembro de 1991, con excepción dos preceptos desa ITC a que remiten os artigos do Regulamento que seguían vixentes, segundo o indicado na súa disposición derogatoria única, e coas adaptacións correspondentes ás novas exixencias técnicas do dito real decreto.

A Directiva 2006/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de maio de 2006, relativa ás máquinas e pola que se modifica a Directiva 95/16/CE, determinou que os ascensores de velocidade non superior a 0,15 metros por segundo, até entón incluídos no ámbito de aplicación da Directiva 95/16/CE, pasasen a ser regulados pola Directiva 2006/42/CE, con efectos desde o 30 de decembro de 2009.

O Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas, límitase, seguindo a Directiva 2006/42/CE, a determinar as condicións de deseño e fabricación que as máquinas incluídas no seu ámbito de aplicación deben satisfacer para poder ser postas no mercado e/ou en servizo, pero non contén procedementos administrativos referentes ao rexistro das instalacións nin sobre o mantemento e inspeccións periódicas. Como consecuencia, os ascensores de velocidade non superior a 0,15 metros por segundo, até o de agora tratados da mesma forma que o resto dos ascensores, quedarían fóra do ámbito de aplicación deses procedementos, sen ningunha xustificación de fondo, dado que son utilizados por persoas, tanto en edificios de vivendas como doutro tipo, cuxa seguranza precisa ser garantida ao longo da vida útil dos aparellos en cuestión.

Por outro lado, a experiencia adquirida na aplicación dos regulamentos anteriores e a evolución técnica obrigan a reconsiderar os modos e prazos en que levar a cabo as revisións de mantemento, a fin de non ocasionar custos excesivos, pero sen menoscabo da debida seguranza, tendo en conta as distintas condicións de utilización dos ascensores, como no caso dos unifamiliares.

O Real decreto 560/2010, do 7 de maio, polo que se modifican diversas normas regulamentarias en materia de seguridade industrial para adecualas á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, modificou o Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.

Dado que o desenvolvemento do citado regulamento depende en gran medida do que se estableza en cada unha das súas instrucións técnicas complementarias, das cales dúas xa se poden considerar practicamente autónomas, interesa restaurar a ITC MIE-AEM 1 como a instrución técnica complementaria do Regulamento de aparellos de elevación e manutención de referencia que regule de maneira global todo o relativo á seguranza dos ascensores e aparellos de elevación asimilados, aínda que coas adaptacións necesarias para satisfacer o disposto nas directivas citadas, así como mediante a consolidación das modificacións realizadas polos decretos anteriores, en forma dun novo texto da dita ITC.

Canto á forma en que se realiza a adaptación concreta da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior ao ámbito da seguranza industrial, o artigo 16.3 desa directiva permite impor, con respecto á prestación dunha actividade de servizos, requisitos que estean xustificadas por razóns de orde pública, seguranza pública, saúde pública ou protección do ambiente, o que se fixo, tamén de acordo co estipulado no artigo 12.3 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, de maneira proporcionada e non discriminatoria nos distintos regulamentos.

Este real decreto trata sobre materia de seguranza industrial, que é un dos fins declarados polo artigo 2 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, cuxo obxecto, segundo o artigo 9.1 da dita lei, é *«a prevención e limitación de riscos, así como a protección contra accidentes e sinistros capaces de producir danos ou prexuízos ás persoas, flora, fauna, bens ou ao ambiente, derivados da actividade industrial ou da utilización, funcionamento e mantemento das instalacións ou equipamentos»*

O artigo 12.5 da citada lei indica que *«Os regulamentos de seguranza industrial de ámbito estatal serán aprobados polo Goberno da Nación, sen prexuízo de que as comunidades autónomas con competencia lexislativa sobre industria poidan introducir requisitos adicionais sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.»* Ora ben, tendo en conta que as disposicións das directivas comunitarias baseadas no «novo enfoque» constitúen obrigas totais para os Estados membros que estes deben cumprir de maneira equivalente en todo o territorio da Unión Europea –para o cal deben retirar calquera disposición nacional previa que poida existir cando contradiga o estipulado naquelas, ou absterse de legislar sobre a mesma materia (coa excepción da

propia transposición)–, as comunidades autónomas non poderán exercer a facultade a que se refire o artigo 12.5 da Lei de industria no relativo ás condicións de deseño obxecto da Directiva 2006/42/CE e da Directiva 95/16/CE, modificada pola anterior, pois os requisitos esenciais de seguranza e saúde non son mínimos, senón absolutos.

Foron consultadas as comunidades autónomas, as entidades locais e aqueles axentes máis representativos dos sectores potencialmente afectados, cumprindo así o establecido no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno. Recolléronse deles, nas distintas fases da tramitación do proxecto, as súas contribucións e melloras.

Este real decreto foi comunicado na súa fase de proxecto á Comisión Europea e aos demais Estados membros en cumprimento do prescrito polo Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, de aplicación da Directiva 98/48/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998, que modifica a Directiva 98/34/CE pola que se establece un procedemento de información en materia das normas e regulamentacións técnicas. Así mesmo, este real decreto foi obxecto de informe do Consello de Coordinación da Seguranza Industrial, de acordo co previsto no artigo 2.d) do Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro.

Este real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas en materia de industria.

Este real decreto ten carácter de normativa básica e recolle previsións de carácter exclusivo e marcadamente técnico, polo que a lei non resulta o instrumento idóneo para o seu establecemento e se encontra xustificada a súa aprobación mediante real decreto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do 8 de febreiro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación da Instrución técnica complementaria AEM 1 «Ascensores».*

1. Apróbase a Instrución técnica complementaria AEM 1, «Ascensores», do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, cuxo texto se inclúe a seguir.

2. O disposto na citada Instrución técnica complementaria AEM 1 será exixible aos tres meses da publicación deste real decreto no «Boletín Oficial del Estado».

Disposición adicional primeira. *Guía técnica.*

O órgano directivo competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo elaborará e manterá actualizada unha guía técnica, de carácter non vinculante, para a aplicación práctica das previsións da Instrución técnica complementaria ITC-AEM 1, a cal poderá establecer aclaracións a conceptos de carácter xeral incluídos neles.

Disposición adicional segunda. *Cobertura de seguro ou outra garantía equivalente suscrito noutro Estado.*

Cando a empresa conservadora de ascensores que se establece ou exerce a actividade en España xa estea cuberta por un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente ou comparable no esencial canto á súa finalidade e á cobertura que ofrezca en termos de risco asegurado, suma asegurada ou límite da garantía

noutro Estado membro en que xa estea establecido, considerárase cumprida a exigencia establecida na alínea c) do artigo 10.9 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro, na redacción dada polo Real decreto 560/2010, do 7 de maio. Se a equivalencia cos requisitos é soamente parcial, a empresa conservadora deberá ampliar o seguro ou garantía equivalente até completar as condicións exixidas. No caso de seguros ou outras garantías subscritas con entidades aseguradoras e entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro, aceptaranse para efectos de acreditación os certificados emitidos por estas.

Disposición adicional terceira. *Aceptación de documentos doutros Estados membros para efectos de acreditación do cumprimento de requisitos.*

Para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos ás empresas conservadoras, aceptaranse os documentos procedentes doutro Estado membro dos cales se desprenda que se cumpren tales requisitos, nos termos previstos no artigo 17 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Disposición adicional cuarta. *Modelo de declaración responsable.*

Corresponderá ás comunidades autónomas elaborar e manter dispoñibles os modelos de declaración responsable. Non obstante, e para os efectos de facilitar a introdución de datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, o órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo elaborará e manterá actualizada unha proposta de modelo de declaración responsable, que deberá incluír os datos que se subministrarán ao indicado rexistro e que estará dispoñible na sede electrónica dese ministerio.

Disposición adicional quinta. *Obrigas en materia de información e reclamacións.*

As empresas conservadoras deben cumprir as obrigas de información dos prestadores e as obrigas en materia de reclamacións establecidas, respectivamente, nos artigos 22 e 23 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

Disposición adicional sexta. *Ascensores existentes.*

Os ascensores cuxa posta en servizo se efectuase con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán a rexerse polas prescricións do Regulamento que lles fosen de aplicación, sen prexuízo do disposto no número 2.4 da Instrución técnica complementaria AEM 1, aprobada por este real decreto.

Disposición adicional sétima. *Empresas conservadoras previamente autorizadas.*

1. As empresas conservadoras que xa fosen autorizadas antes da data de entrada en vigor deste real decreto poderán continuar a realizar a actividade para que foron autorizadas sen que deban presentar a declaración responsable regulada no número 6 da ITC AEM 1 aprobada por este real decreto. Estas empresas serán inscritas de oficio no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento, a partir dos datos contidos na autorización e remitidos, se for o caso, pola correspondente comunidade autónoma. Se for o caso, as administracións públicas poderán solicitar a información necesaria para completar a súa incorporación ao mencionado rexistro.

2. Sen prexuízo do establecido no número anterior, o resto de novas condicións e requisitos establecidos nas modificacións introducidas por este real decreto serán en todo caso aplicables ás empresas sinaladas no número anterior.

Disposición transitoria primeira. *Persoal cualificado de empresas conservadoras previamente autorizadas.*

Os traballadores que presten ou prestasen servizos como persoal cualificado durante ao menos tres anos en tarefas de conservación de ascensores disporán do prazo dun ano para solicitaren certificación acreditativa da cualificación:

- a) emitida pola propia empresa onde presten ou prestasen os seus servizos;
- b) emitida polo órgano competente da Comunidade Autónoma onde residan, sobre a base dos datos da vida laboral do interesado e das certificacións da empresa ou empresas onde presten ou prestasen os seus servizos.

Entenderase que o persoal así cualificado cumpre os requisitos do número 8 da ITC AEM 1 aprobada por este real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Procedementos en tramitación.*

1. Os procedementos para a autorización dunha empresa conservadora regulados pola ITC MIE-AEM1, aprobada por Orde do 23 de setembro de 1987 e modificada por Orde do 12 de setembro de 1991, polo Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, e polo Real decreto 57/2005, do 21 de xaneiro, que estiveren en tramitación á entrada en vigor deste real decreto serán tramitados e resoltos pola normativa vixente no momento da presentación da solicitude.

Non obstante, o órgano competente para resolver non poderá exixir requisitos suprimidos polo presente real decreto.

2. En todo caso, o interesado poderá, con anterioridade a se ditar resolución, desistir da súa solicitude e optar pola aplicación do disposto nas modificacións introducidas por este real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Ascensores non rexistrados.*

1. Os titulares de ascensores incluídos no ámbito de aplicación da Instrución técnica complementaria AEM 1, aprobada por este real decreto, de velocidade até 0,15 m/s, que fosen instalados desde o 30 de decembro de 2009 até a data da súa exixibilidade e que non fosen rexistrados ante os órganos competentes das correspondentes comunidades autónomas disporán de seis meses para faceren efectivo tal rexistro.

2. Os titulares dos ascensores de velocidade até 0,15 m/s, incluídos no ámbito de aplicación da Instrución técnica complementaria AEM 1, aprobada por este real decreto, que fosen instalados desde a obrigatoriedade do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, até o 29 de decembro de 2009, e que non fosen rexistrados ante os órganos competentes das correspondentes comunidades autónomas disporán de vinte e catro meses para faceren efectivo tal rexistro, logo de adaptación, se for o caso, aos requisitos do Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas.

3. O réxime de mantemento establecido na dita ITC AEM 1 aplicarase desde a data do dito rexistro e o de inspección periódica contarase desde a data de instalación do ascensor.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan expresamente derogadas as seguintes disposicións:

a) As disposicións adicionais primeira e segunda do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores;

b) Os artigos 2 e 3 do Real decreto 57/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establecen prescricións para o incremento da seguranza do parque de ascensores existente.

c) A Orde do 23 de setembro de 1987 pola que se modifica a Instrución técnica complementaria MIE-AEM 1 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención referente a ascensores electromecánicos.

d) O artigo 10 do Regulamento de aparellos de elevación e manutención, aprobado polo Real decreto 2291/1985, do 8 de novembro.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de febreiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo,
JOSÉ MANUEL SORIA LÓPEZ

INSTRUCCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA ITC-AEM 1

Ascensores

I. *Obxecto e ámbito de aplicación*

1. Obxecto.

Esta instrución técnica complementaria (en diante ITC) ten por obxecto definir as regras de seguranza aplicables aos ascensores a que se refire o número 2 para protexer as persoas e as cousas contra os diferentes riscos de accidentes que se poidan producir como consecuencia do funcionamento e mantemento deses aparellos.

2. Ámbito de aplicación.

1. Esta ITC aplícase a todo aparello de elevación instalado permanentemente en edificios ou construcións que sirva niveis definidos, cun habitáculo que se desprace ao longo de guías ríxidas e cuxa inclinación sobre a horizontal sexa superior a 15 graos, destinado ao transporte:

- de persoas;
- de persoas e obxectos;
- soamente de obxectos, se o habitáculo é accesible, é dicir, se unha persoa pode entrar nel sen dificultade, e se está provisto de órganos de accionamento situados dentro do habitáculo ou ao alcance dunha persoa situada dentro.

Os aparellos de elevación que se despracen seguindo un percorrido fixo, aínda que non estea determinado por guías ríxidas, serán considerados pertencentes ao ámbito de aplicación deste real decreto.

Entenderase por “habitáculo” a parte do aparello de elevación en que se sitúan as persoas ou obxectos coa finalidade de ser elevados ou descendidos.

2. Para os efectos desta ITC, no sucesivo denominaranse “ascensores” todos os aparellos de elevación a que se refire o número 1 anterior, con independencia da designación popular, comercial ou a que figure en normas técnicas e a velocidade con que se desprace o habitáculo. Precisarase, onde corresponda, se se trata dun aparello con velocidade de até 0,15 m/s ou superior a este valor.

3. Exclúense do ámbito de aplicación desta ITC:

- os ascensores de obras de construción,
- as instalacións de cables, incluídos os funiculares,
- os ascensores especialmente deseñados e fabricados para fins militares ou policiais,
- os aparellos de elevación desde os cales se poden efectuar traballos,
- os ascensores para pozos de minas,
- os aparellos de elevación destinados a mover actores durante representacións artísticas,
- os aparellos de elevación instalados en medios de transporte,
- os aparellos de elevación vinculados a unha máquina e destinados exclusivamente ao acceso a postos de traballo, incluídos os puntos de mantemento e inspección da máquina,
- os trens de cremalleira,
- as escaleiras mecánicas e plataformas móbiles, e
- os aparellos elevadores que discorran ao longo dunha escaleira ou rampla ou que sirvan unha distancia vertical menor que a existente entre dous andares dun edificio.

4. Esta ITC aplicarase:

- a) aos ascensores de nova instalación e ás súas modificacións, e

b) aos ascensores existentes antes da súa entrada en vigor unicamente no que se refire ás prescricións relativas ao seu mantemento, modificacións importantes e inspección.

II. *Deseño, fabricación, instalación e posta en servizo*

3. Deseño, fabricación e posta no mercado dos ascensores.

Os ascensores incluídos no ámbito de aplicación desta ITC cumprirán, para o deseño, fabricación e posta no mercado, as condicións seguintes:

a) Ascensores de velocidade non superior a 0,15 m/s: o disposto polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, polo que se establecen as normas para a comercialización e posta en servizo das máquinas;

b) Ascensores de velocidade superior a 0,15 m/s: o disposto polo Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores, modificado polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro.

4. Posta en servizo dos ascensores.

1. Para a posta en servizo dos ascensores a que se refire esta ITC, que en ningún caso necesitará autorización previa da Administración, sen prexuízo do indicado no número 14.1, comunicará o titular -ou por conta deste- ao órgano competente da comunidade autónoma:

- A ficha técnica da instalación,
- a declaración CE de conformidade,
- a copia do contrato de conservación, e
- cando sexa aplicable, as actas dos ensaios relacionadas co control final.

No momento da recepción da comunicación, o órgano competente outorgará un número de identificación e rexistro ao aparello.

O órgano competente da Comunidade Autónoma deberá posibilitar que a comunicación mencionada se realice por medios electrónicos.

O contido mínimo da ficha técnica, así como, a título indicativo, un exemplo de presentación dos documentos citados, inclúense no anexo VIII desta ITC.

2. Prohíbese a utilización do ascensor, en calquera das súas fases previas á posta en servizo ao dispor do usuario final, para fins distintos aos previstos, tales como o aproveitamento como aparello elevador de materiais e/ou persoas para a construción.

III. *Mantemento*

5. Mantemento dun ascensor.

5.1 Titulares

É titular dun ascensor o seu propietario ou, se for o caso, o arrendatario.

O titular dun ascensor é responsable de:

5.1.1 Manter o ascensor en bo estado de funcionamento durante todo o tempo que poida ser utilizado, cumprindo as disposicións regulamentarias pertinentes. En particular, deberá subscribir un contrato de mantemento cunha empresa conservadora de ascensores das mencionadas no número 6 seguinte e facilitarlle a realización das correspondentes revisións e comprobacións.

5.1.2 Impedir o funcionamento do ascensor cando teña coñecemento, por si mesmo ou por indicación da empresa conservadora, organismo de control ou órgano competente

da Administración pública, de que a súa utilización non reúne as debidas garantías de seguranza.

5.1.3 En caso de accidente, anomalía no funcionamento ou calquera deficiencia ou abandono en relación coa debida conservación do ascensor, pólo en coñecemento inmediato da empresa conservadora, mediante comunicación fidedigna.

En caso de que a comunicación non sexa atendida, deberá denunciar esta circunstancia ante o órgano competente da Administración pública.

5.1.4 Solicitar ao seu debido tempo a realización das inspeccións periódicas a que se refire o número 11 desta ITC e, para tal fin, facilitar o acceso aos organismos de control e por á súa disposición o certificado da última inspección.

5.2 Persoa encargada do ascensor

O titular deberá designar unha persoa, ao menos, encargada do servizo ordinario do ascensor, para o cal será debidamente instruída no manexo do aparello pola empresa conservadora. En particular, a citada persoa auxiliará o titular no cumprimento das obrigas contidas nas epígrafes 5.1.2 e 5.1.3 anteriores.

5.3 Realización do mantemento

5.3.1 Empresas intervenientes e especificacións técnicas aplicables

O mantemento dos ascensores deberá ser realizado polas empresas conservadoras a que se refire o número 6 desta ITC. A execución técnica do mantemento efectuarase, en función da normativa, segundo os seguintes casos:

a) De acordo coa normativa que lle foi de aplicación, coas súas posibles actualizacións, no caso de ascensores instalados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto.

b) Tendo en conta as instrucións do instalador, segundo o disposto polo Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores, modificado polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, no caso de ascensores de velocidade superior a 0,15 m/s.

c) Tendo en conta as instrucións do fabricante, segundo o disposto polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, no caso de ascensores de velocidade non superior a 0,15 m/s.

5.3.2 Prazos

As empresas conservadoras deberán realizar visitas para o mantemento preventivo dos ascensores, ao menos, nos seguintes prazos:

5.3.2.1 Ascensores en vivendas unifamiliares e ascensores con velocidade non superior a 0,15 m/s: cada catro meses;

Para estes efectos, enténdese por vivenda unifamiliar a situada en parcela independente que serve de residencia habitual, permanente ou temporal, para unha soa familia.

5.3.2.2 Ascensores instalados en edificios comunitarios de uso residencial de até seis paradas e ascensores instalados en edificios de uso público de até catro paradas, que teñan unha antigüidade inferior a vinte anos: cada seis semanas.

5.3.2.3 Os demais ascensores: cada mes.

5.4 Rexistro de mantemento.

A empresa conservadora:

a) Entregará ao titular do aparello un boletín que reflecta os datos fundamentais de cada actuación.

b) Manterá un rexistro de mantemento, desde a última inspección, que estará ao dispor do titular e do órgano competente da Administración pública, onde se incluírán os datos relativos a:

- a) revisións de mantemento ordinario,
- b) incidencias e avarías,
- c) accidentes,
- d) reparacións e cambios de pezas, e
- e) modificacións importantes.

6. Empresas conservadoras de ascensores. Declaración responsable e requisitos.

1. Para efectos desta ITC consideraranse empresas conservadoras de ascensores as persoas naturais ou xurídicas que desenvolven as actividades de mantemento, reparación e modificacións importantes dos ascensores obxecto desta ITC, de acordo coas prescricións que seguen.

2. Antes de comezar as súas actividades como empresas conservadoras, as persoas naturais ou xurídicas que desexen establecerse en España deberán presentar ante o órgano competente da comunidade autónoma en que se establezan unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o representante legal dela declare que cumpre os requisitos que se exixen nesta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as actividades de mantemento, reparación e modificacións importantes se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establezan nesta instrución técnica complementaria.

3. As empresas conservadoras legalmente establecidas para o exercicio desta actividade en calquera outro Estado membro da Unión Europea que desexen realizar a actividade en réxime de libre prestación en territorio español, deberán presentar, previamente ao inicio dela, ante o órgano competente da comunidade autónoma onde desexen comezar a súa actividade unha declaración responsable en que o titular da empresa ou o seu representante legal declare que cumpre os requisitos exixidos por esta instrución técnica complementaria, que dispón da documentación que así o acredita, que se compromete a mantelos durante a vixencia da actividade e que se responsabiliza de que as actividades de mantemento, reparación e modificacións importantes se efectúan de acordo coas normas e requisitos que se establecen nesta instrución técnica complementaria.

Para a acreditación do cumprimento de persoal cualificado, a declaración deberá facer constar que a empresa dispón da documentación que acredita a capacitación do persoal afectado, de acordo coa normativa do país de establecemento, recoñecida como equivalente á requirida no número 8, en aplicación do previsto na normativa da Unión Europea sobre recoñecemento de cualificacións profesionais, aplicada en España mediante o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro de 2005, e a Directiva 2006/100/CE, do Consello, do 20 de novembro de 2006, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos do exercicio da profesión de avogado. A autoridade competente poderá verificar esa capacidade conforme o disposto no artigo 15 do Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro.

4. As comunidades autónomas deberán posibilitar que a declaración responsable sexa realizada por medios electrónicos.

Non se poderá exixir a presentación de documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xunto coa declaración responsable. Non obstante, esta documentación deberá estar dispoñible para a súa presentación inmediata ante a Administración competente cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control.

5. O órgano competente da comunidade autónoma asignará, de oficio, un número de identificación á empresa e remitirá os datos necesarios para a súa inclusión no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

6. De acordo coa Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, a declaración responsable habilita por tempo indefinido a empresa conservadora, desde o momento da súa presentación ante a Administración competente, para o exercicio da actividade en todo o territorio español, sen que poidan imporse requisitos ou condicións adicionais.

7. Ao abeiro do previsto no número 3 do artigo 71 bis da Lei 30/1992, do 26 de novembro, da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a Administración competente poderá regular un procedemento para comprobar *a posteriori* o declarado polo interesado.

En todo caso, a falta de presentación da declaración, así como a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, de datos ou manifestacións que deban figurar nela habilitará a Administración competente para ditar resolución, que deberá ser motivada e con audiencia previa do interesado, en que se declare a imposibilidade de seguir exercendo a actividade ou, se procede, se inhabilite temporalmente para o exercicio da actividade, sen prexuízo das responsabilidades que puideren derivar das actuacións realizadas.

8. Calquera feito que supoña modificación dalgún dos datos incluídos na declaración orixinaria, así como o cesamento das actividades, deberá ser comunicado polo interesado ao órgano competente da comunidade autónoma onde presentou a declaración responsable no prazo dun mes.

9. As empresas conservadoras deberán cumprir o seguinte:

a) Dispor da documentación que identifique a empresa conservadora, que, no caso de persoa xurídica, deberá estar constituída legalmente;

b) Posuír os medios técnicos e humanos mínimos necesarios para realizar as súas actividades en condicións de total seguranza, cun mínimo dun conservador e baixo a dirección técnica dun técnico titulado competente no cadro de persoal;

c) Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo, con cobertura mínima de 300.000 euros por accidente. Esta contía mínima actualízase por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo sempre que for preciso para manter a equivalencia económica da garantía, logo de informe da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

d) Responsabilizarse de que os aparellos que lles sexan encomendados se manteñen en condicións de funcionamento correctas e cumpren integramente os requisitos desta ITC.

e) Garantir, durante un período de dous anos, a corrección das deficiencias atribuídas a unha mala execución das operacións que lles fosen encomendadas, así como das consecuencias que delas deriven.

10. A empresa conservadora non poderá facilitar, ceder ou allear certificados de actuacións non realizadas por ela mesma.

11. O incumprimento dos requisitos exixidos, verificado pola autoridade competente e declarado mediante resolución motivada, carretará o cesamento da actividade, salvo que poida incoarse un expediente de corrección de erros, sen prexuízo das sancións que puideren derivar da gravidade das actuacións realizadas.

A autoridade competente, neste caso, abrirá un expediente informativo ao titular da empresa, quen terá 15 días naturais a partir da comunicación para presentar as probas ou descargos correspondentes.

12. O órgano competente da comunidade autónoma dará traslado inmediato ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo da inhabilitación temporal, as modificacións e o cesamento da actividade a que se refiren os números precedentes para a actualización dos datos no Rexistro Integrado Industrial regulado no título IV da Lei 21/1992, do 16 de

xullo, de industria, tal e como o establece a súa normativa regulamentaria de desenvolvemento.

7. Obrigas das empresas conservadoras de ascensores en relación coa súa actividade.

As empresas conservadoras de ascensores estarán suxeitas ás seguintes obrigas, que constarán no contrato de mantemento:

7.1 Conservar os ascensores de acordo co estipulado nesta ITC.

7.2 Garantir, no prazo máximo de 24 horas, o envío de persoal competente cando sexa solicitado polo titular ou polo persoal encargado do servizo ordinario do ascensor para corrixir avarías que ocasionen a súa parada, sen atrapamento de persoas na cabina, e de maneira inmediata cando sexan requiridos por motivo de parada do ascensor con persoas atrapadas na cabina ou accidentes ou urxencia similar.

7.3 Pór por escrito en coñecemento do titular os elementos do ascensor que se deban substituír por apreciar que non se encontran nas condicións precisas para ofrecer as debidas garantías de bo funcionamento, ou se o ascensor non cumpre as condicións vixentes que lle sexan exhibibles.

7.4 Interromper o servizo do ascensor cando se aprecie risco grave e inminente de accidente, en canto non se realice a oportuna reparación.

7.5 En caso de accidente con danos a persoas ou cousas, deberá pólo en coñecemento do órgano territorial competente da comunidade autónoma, mantendo interrompido o servizo do ascensor até que se realice a oportuna reparación e inspección, se for o caso, e o autorize o dito órgano.

7.6 Manter ao día o rexistro que se menciona no número 5.4 desta ITC.

7.7 Dar conta ao órgano competente da comunidade autónoma onde estean os correspondentes aparellos, no prazo máximo de 30 días, de todas as altas e baixas de contratos de conservación dos ascensores que teñan ao seu cargo, pondo ao seu dispor os correspondentes historiais de mantemento.

7.8 Notificar ao titular do aparello a data en que corresponde realizar a próxima inspección periódica, con anticipación mínima de dous meses.

7.9 Estar presentes nas inspeccións periódicas e prestar asistencia aos organismos de control, para o exacto cumprimento das inspeccións e garantía da seguranza nas manobras que se deban realizar.

8. Conservador de ascensores.

O conservador de ascensores é a persoa física que ten coñecementos suficientes para desempeñar as actividades de mantemento e modificacións importantes a que se refire esta ITC.

O conservador de ascensores deberá desenvolver a súa actividade no seo dunha empresa conservadora de ascensores habilitada e deberá cumprir e poder acreditar ante a Administración competente, cando esta así o requira no exercicio das súas facultades de inspección, comprobación e control, unha das seguintes situacións:

a) Dispor dun título universitario cuxo plan de estudos cubra as materias obxecto desta Instrución técnica complementaria AEM 1 "Ascensores" do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

b) Dispor dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade incluído no Catálogo nacional de cualificacións profesionais cuxo ámbito competencial coincida coas materias obxecto desta Instrución técnica complementaria EM 1 "Ascensores" do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

c) Ter recoñecida unha competencia profesional adquirida por experiencia laboral, de acordo co estipulado no Real decreto 1224/2009, do 17 de xullo, de recoñecemento das competencias profesionais adquiridas por experiencia laboral, nas materias obxecto

desta Instrución técnica complementaria AEM 1 “Ascensores” do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

IV. Modificacións importantes

9. Concepto de modificacións importantes.

9.1 As modificacións importantes son cambios significativos en ascensores xa existentes que non poden ser considerados como operacións de simple mantemento ou reparación.

9.1.1 Considéranse expresamente modificacións importantes dos ascensores as seguintes:

Modificación importante	Norma UNE-EN de referencia (*)			
	Ascensores eléctricos		Ascensores hidráulicos	
	81-1:2001+ A3:2010		81-2:2001+ A3:2010	
	Números	Anexos	Números	Anexos
a) cambio:				
9.1.1 da velocidade nominal;	12.6	ñ	12.8	ñ
9.1.2 da carga nominal;	8.2	G-M-N	8.2	G-K
9.1.3 da masa da cabina;	8.2	G-M-N	9.1-9.2	G-K
9.1.4 do percorrido (**);	5 9 10 12.10	G-M-N	5 9.1 9.2	G-K
b) cambio ou substitución por tipo distinto:				
9.1.5 dos dispositivos de encravamento (**);	7.7	B-F1	7.7	B-F1
9.1.6 do sistema de control (**);	14.2	H	14.2	H
9.1.7 das guías ou do tipo de guías;	5.7.7.1.a 5.7.1.2 5.7.2.3 10.1 10.2	G	5.7.7.1.a 5.7.1.2 10.1 10.2	G
9.1.8 do tipo de portas (ou engadir unha ou varias portas de piso ou de cabina) (**);	7 8.6 8.7	G-M-N	7 8.6 8.7	G-K
9.1.9 da máquina;	12	M	12	K
9.1.10 da polea motriz (**);	9.2 9.3	M	ñ	ñ
9.1.11 do limitador de velocidade (**);	9.9	F4	9.10.2	F4
9.1.12 do dispositivo de protección contra sobrevelocidade en subida;	9.10	F7	ñ	ñ
9.1.13 dos amortecedores (**);	10.3 10.4	F5 - L	10.3 10.4	F5
9.1.14 do paracaídas;	9.8	F3	9.8	F3
9.1.15 do dispositivo de bloqueo;	ñ	ñ	9.9	ñ
9.1.16 do dispositivo de retención;	ñ	ñ	9.11	ñ
9.1.17 do cilindro;	ñ	ñ	12.2	ñ
9.1.18 da válvula de sobrepresión;	ñ	ñ	12.5.3	ñ
9.1.19 da válvula paracaídas;	ñ	ñ	12.5.5	ñ
9.1.20 do redutor de caudal e/ou redutor unidireccional	ñ	ñ	12.5.6	ñ
9.1.21 do dispositivo mecánico para previr o movemento da cabina	6.4.3.1	ñ	6.4.3.1	ñ
9.1.22 do dispositivo mecánico para deter a cabina	6.4.4.1	ñ	6.4.4.1	ñ

Modificación importante	Norma UNE-EN de referencia (*)			
	Ascensores eléctricos		Ascensores hidráulicos	
	81-1:2001+ A3:2010		81-2:2001+ A3:2010	
	Números	Anexos	Números	Anexos
9.1.23 da plataforma	6.4.5	ñ	6.4.5	ñ
9.1.24 do dispositivo mecánico para bloquear a cabina ou os topes móbiles	6.4.5.2	ñ	6.4.5.2	ñ
9.1.25 dos dispositivos para manobras de emerxencia e ensaios	6.6	ñ	6.6	ñ
9.1.26 da protección do movemento incontrolado da cabina	9.11	F8	9.13	F8

(*) A título meramente indicativo, precísase o número da norma a que se refire a modificación.

(**) Para realizar este tipo de modificación non se exige a intervención de organismo de control

9.2 As modificacións importantes realizaranse, canto a condicións técnicas, sobre a base da regulamentación que sexa aplicable aos ascensores no momento da súa instalación e, se for o caso, das posteriores que lles sexan exixibles.

Non obstante, cando se logre unha maior seguranza nos elementos que se modifiquen ou substitúan, ou se mellore a accesibilidade, mediante as novas prescricións técnicas derivadas da Directiva 95/16/CE, aplicaranse estas tamén nos ascensores anteriores, salvo que resulten incompatibles coa instalación existente. Para tal fin, utilizaranse como referencia as prescricións das normas que se mencionan na táboa precedente.

9.3 O cambio dun elemento por outro distinto, sexa ou non parte dunha modificación importante, non significará, se non é necesario, o cambio doutros elementos ou compoñentes.

9.4 As modificacións importantes, ou outras substitucións de distintos elementos, non poderán supor a renovación completa do ascensor existente, sexa nunha ou en varias etapas. Aplicarase o seguinte criterio:

a) Sempre que se manteñan as guías de cabina do ascensor, ou aínda cambiándoas, se se substitúen guías que non sexan de perfil «T» por outras que si o sexan, considerarase que se trata dunha modificación parcial do ascensor, polo que se rexerá pola regulamentación que lle sexa de aplicación, de acordo coa epígrafe 9.2 anterior.

b) Cando se cambien todos os compoñentes dun ascensor, salvo o indicado na alínea a) respecto das guías, considerarase que se produce unha substitución completa do aparello, e aplicaranse as prescricións íntegras do número 4 desta ITC, salvo que o órgano competente da comunidade autónoma, en atención a situacións obxectivas excepcionais, estableza outra cousa.

10. Execución das modificacións importantes

10.1 A modificación importante dun ascensor poderá ser realizada, segundo o caso:

a) Polo instalador definido no artigo 2.4 do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, cando se trate dos seus propios ascensores.

b) Polo fabricante definido no artigo 2.2.i) do Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, cando se trate dos seus propios ascensores.

c) Pola empresa conservadora a que se refire o número 6 desta ITC, para calquera tipo de ascensores.

No sucesivo, o termo «empresa que realiza a modificación» ou, simplemente, «a empresa», designará o que corresponda, segundo o caso, dos tres anteriores.

10.2 A certificación de conformidade dunha modificación importante dun ascensor coas prescricións desta ITC levarase a cabo seguindo un dos procedementos seguintes, á escolla do seu titular:

- a) Exame de tipo, segundo o anexo I, e control final, segundo o anexo II, ou sistema de xestión de calidade segundo o anexo III;
- b) Deseño no marco dun sistema de xestión da calidade total, segundo o anexo IV e control final, segundo o anexo II, ou sistema de xestión de calidade, segundo o anexo III;
- c) Verificación por unidade, segundo o anexo V;
- d) Sistema de xestión da calidade total, segundo o anexo IV.

Nos ditos procedementos (coas excepcións que se indican para o de verificación por unidade no anexo V) deberán intervir organismos de control de acordo co establecido no Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, modificado polo Real decreto 338/2010, do 19 de marzo, os cales deberán estar acreditados para as correspondentes tarefas. Considerarase que cumpren esta condición os organismos previamente notificados para os respectivos procedementos de certificación similares no ámbito da Directiva 95/16/CE. Exceptúanse da intervención dos organismos de control as modificacións sinaladas con duplo asterisco («**») na táboa do número 9.1.1. Neses casos, a certificación do organismo deberá suplirse pola do técnico facultativo da empresa conservadora que realice a modificación

Así mesmo, consideraranse cumpridos os correspondentes requisitos dos procedementos de certificación cando se aplicasen, sobre os ascensores en que se executan as modificacións en cuestión, os procedementos similares no ámbito da Directiva 95/16/CE.

10.3 Unha vez executada a modificación, o titular, ou a empresa no seu nome, comunicará, da mesma forma que a indicada no número 4, os seguintes datos ao órgano competente da comunidade autónoma:

- a) ficha técnica da modificación,
- b) declaración da empresa pola cal exprese que a modificación cumpre e fai cumprir ao ascensor as prescricións pertinentes da regulamentación aplicable, e
- c) se for o caso, actas dos ensaios relacionados co control final.

No momento da recepción da comunicación, o órgano competente outorgará un comprobante asociado ao número de identificación e rexistro do aparello.

V. *Inspeccións*

11. Inspeccións.

11.1 Sen prexuízo das atribucións da Administración, a partir da posta en servizo dos ascensores, os ascensores serán inspeccionados por organismos de control de acordo co Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial, cuxo ámbito de acreditación inclúa este campo regulamentario, co fin de comprobar que os aparellos se manteñen nas debidas condicións de seguranza.

11.2 As inspeccións poderán ser:

11.2.1 Inspeccións periódicas.

Realizaranse, como mínimo, nos seguintes prazos:

11.2.1.1 Ascensores instalados en edificios de uso industrial e lugares de concorrencia pública: cada dous anos.

Como «concorrencia pública» entenderase o establecido na ITC BT 28 do Regulamento electrotécnico para baixa tensión.

11.2.1.2 Ascensores instalados en edificios de máis de vinte vivendas ou con máis de catro plantas servidas: cada catro anos.

11.2.1.3 Ascensores non incluídos nos casos anteriores: cada seis anos.

11.2.2 Outras inspeccións.

Deberán inspeccionarse os ascensores despois dun accidente con danos ás persoas ou os bens e, cando así o determine o órgano competente da comunidade autónoma en uso das súas atribucións legais.

11.3 Criterios técnicos.

As inspeccións realizaranse de acordo coa regulamentación que serviu de base á súa instalación e, se for o caso, as posteriores que lles sexan exixibles, e deberán realizarse seguindo os criterios e ámbitos de actuación establecidos no anexo VI desta ITC.

11.4 Defectos.

Como resultado da inspección, considerarase como defecto calquera desviación da instalación respecto das condicións de seguranza regulamentarias. Os defectos cualificaranse, de acordo co grao de perigosidade que supoñan para as persoas e para os bens, da seguinte forma:

11.4.1 Defecto leve.

O que non sexa cualificable como grave ou moi grave.

11.4.2 Defecto grave.

O que non supón un perigo inmediato para a seguranza das persoas ou as cousas, pero que pode selo no caso dun fallo da instalación ou ben pode diminuír a súa capacidade de utilización.

11.4.3 Defecto moi grave.

O que constituía un risco inminente para as persoas ou poida ocasionar danos na instalación.

11.5 Cualificación das inspeccións e prazos de corrección de defectos.

Como resultado da visita de inspección, o organismo de control emitirá un certificado en que se farán constar os defectos encontrados e o resultado da inspección, quer como favorable, en ausencia de defectos graves ou moi graves, quer como desfavorable, en caso contrario.

11.5.1 No caso de resultado favorable, o organismo de control anotará os defectos leves –se os houber– os cales deberán encontrarse corrixidos na seguinte inspección.

Se o defecto leve encontrado for reiteración da inspección anterior, o organismo de control emitirá certificado de inspección favorable con reparo por reiteración de defecto leve e remitirá unha copia ao órgano competente da comunidade autónoma, para os efectos oportunos.

Ademais, no interior da cabina o organismo de control colocará un rótulo indeleble en que se faga constar, ao menos:

- a) Número de identificación do aparello, ao que se refire o número 4.
- b) Identificación do organismo.
- c) Data de inspección favorable.
- d) Número de certificado.
- e) Vixencia da inspección.

11.5.2 En caso de resultado desfavorable, indicaranse os defectos graves e moi graves.

11.5.2.1 Se se encontrar algún defecto moi grave, a empresa conservadora presente, por instancia do organismo de control, deberá deixar o aparello fóra de servizo,

coa advertencia ao titular de que o ascensor deberá permanecer nesa situación en canto o defecto non sexa corrixido ou non determine outra cousa o órgano competente da comunidade autónoma a quen o organismo de control remitirá copia do certificado de inspección con resultado desfavorable no prazo de 15 días naturais.

Se o titular, ou a empresa conservadora no seu nome, comunicar a corrección do defecto ao organismo de control, este deberá realizar nova visita de inspección para verificar que así se fixo, procedendo como en 11.5.1, se for o caso.

11.5.2.2. Se se encontrar algún defecto grave, o organismo de control indicará no certificado de inspección con resultado desfavorable que deberá procederse á súa corrección no prazo máximo de seis meses, a partir da data da visita de inspección, transcorridos os cales volverá a realizar visita de inspección, salvo se o titular comunicase a corrección dos defectos antes do prazo, caso en que deberá pasar nova visita de inspección no prazo de 30 días naturais a partir da comunicación. Se a segunda inspección volve a dar resultado desfavorable, cualificarase o defecto como moi grave, actuándose como en 11.5.2.1.

11.6 Custodia dos certificados de inspección.

O organismo de control entregará o certificado de inspección favorable ao titular do ascensor e comunicará o contido del ao órgano competente da comunidade autónoma no prazo de 15 días naturais.

VI. Disposicións derradeiras

12. Información aos titulares da instalación.

Ademais das instrucións para o usuario que deben acompañar os ascensores, de acordo co establecido no Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, ou no Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores, modificado polo anterior, segundo se trate de ascensores de velocidade até 0,15 m/s, ou superior, respectivamente, o instalador ou o fabricante, segundo corresponda, entregará ao titular a información pertinente relativa ás obrigas de mantemento e inspección periódica, as cales serán actualizadas pola empresa conservadora, en función das prescricións regulamentarias vixentes en cada momento.

13. Accidentes.

Os accidentes que causen danos ás persoas ou os bens deberán ser comunicados inmediatamente á empresa conservadora quen, pola súa vez, informará igualmente o órgano competente da comunidade autónoma, para os efectos pertinentes.

14. Excepcións.

14.1 As condicións de deseño dos ascensores suxeitos ás disposicións de aplicación de directivas da Unión Europea están suxeitas aos regulamentos de excepcionalidade establecidos naquelas.

Polo que se refire, en particular, ao número 2.2 do anexo I do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, sobre ascensores, modificado polo Real decreto 1644/2008, do 10 de outubro, teranse en conta as seguintes situacións:

14.1.1 Caso dun edificio novo.

Disporanse sempre os refuxios ou espazos libres que indica a citada epígrafe 2.2, salvo que, mediante un estudo arquitectónico, en relación coas circunstancias presentes, se poida demostrar que non existe esa posibilidade, caso en que se procedería como se indica na epígrafe seguinte.

14.1.2 Caso dun edificio existente.

Disporanse igualmente os refuxios ou espazos libres que indica a citada epígrafe 2.2. Non obstante, en casos excepcionais, en particular en casos de edificios histórico-artísticos, ou para posibilitar a accesibilidade, se o titular da instalación, unha vez estudadas todas as posibilidades para practicar tales refuxios ou espazos libres, chega á conclusión de que non se pode, materialmente, adoptar esa disposición, ou que terían que empregarse medios desproporcionados para isto, deberá solicitar do órgano competente da Comunidade Autónoma que recoñeza, previamente á execución da instalación, a correspondente situación de excepcionalidade.

O citado órgano competente deberá emitir resolución motivada.

Se a situación de excepcionalidade for recoñecida como tal, o instalador deberá proceder a xustificar a medida alternativa á disposición de refuxios ou espazos libres que introduza no seu deseño, incluíndoa no expediente técnico de fabricación, da mesma forma que o resto de requisitos esenciais. A dita medida non deberá ser obxecto de aprobación polo órgano competente da comunidade autónoma, senón que corresponderá unicamente á responsabilidade do instalador, aplicando, se for o caso, se o desexa, unha das solucións que poida ofrecer a norma harmonizada pertinente.

O instalador engadirá copia da resolución motivada, ou referencia dela, á documentación que, de acordo co número 4 desta ITC, se presente para a posta en servizo dos ascensores.

14.2 As disposicións aplicables aos ascensores instalados de acordo coa regulamentación nacional anterior á vixencia do Real decreto 1314/1997, do 1 de agosto, teñen o carácter de mínimos exixibles. Cando se realicen modificacións neles mediante solucións técnicas non establecidas naquelas disposicións deberá xustificarse que ofrecen un nivel de seguranza, ao menos, equivalente, ou que posibilitan a accesibilidade ofrecida polo propio ascensor.

Para isto, o procedemento que se seguirá será o seguinte:

1. A empresa deberá preparar unha documentación técnica en que:

- a) se especificarán os números da normativa pertinente que os novos elementos non poden satisfacer;
- b) para cada número non satisfeito, se xustificará como se logra unha seguranza equivalente cos novos elementos, indicando, en particular, os medios de control e actuación no caso de posibles desgastes non visibles desde o exterior;
- c) se incluírá no manual de uso e mantemento, e para o uso da empresa conservadora de ascensores, todo o que se deba considerar no mantemento do equipamento, derivado da modificación realizada.

2. Coa documentación sinalada na epígrafe anterior, procederase como se se tratase dunha modificación importante, aplicándose o establecido no número 10 desta ITC.

O anexo VII contén unha lista non exhaustiva de casos particulares, que poderá actualizarse mediante resolución do órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, a petición de parte interesada e mediante informe do Comité Técnico de Regulamentos de Produtos Industriais do Consello de Coordinación da Seguranza Industrial, cuxo regulamento foi aprobado polo Real decreto 251/1997, do 21 de febreiro.

15. Infraccións e sancións.

As infraccións do disposto nesta instrución técnica complementaria clasificaranse e sancionaranse de acordo co disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

ANEXO I

Exame de tipo de modificación importante

1. A empresa que vaia realizar a modificación importante (en diante «a empresa») presentará a solicitude de exame de tipo de modificación importante dun ascensor a un organismo de control, de acordo co número 10.2 da ITC, libremente elixido.

2. A solicitude incluirá:

- o nome e enderezo da empresa que realice a modificación importante do ascensor,
- unha declaración escrita en que se especifique que a mesma solicitude non se presentou a ningún outro organismo de control,
- a documentación técnica, e
- a indicación do lugar onde o modelo pode ser examinado. Este deberá incluír os elementos dos extremos e comunicar ao menos tres niveis (alto, baixo e intermedio).

Entenderase por «modelo» unha modificación importante dun ascensor que sexa representativa e cuxo expediente técnico mostre como se van respectar os requisitos esenciais de seguranza nas modificacións importantes de ascensores derivadas do modelo en función de parámetros obxectivos e no cal se utilicen compoñentes idénticos.

Calquera variación autorizada do modelo deberá estar claramente especificada (con valores máximos e mínimos) no expediente técnico.

3. A documentación técnica deberá permitir a avaliación da conformidade do ascensor modificado coas prescricións ou requisitos pertinentes da regulamentación aplicable e a comprensión do deseño, da instalación e do seu funcionamento.

Na medida en que sexa necesario para a avaliación da conformidade, a documentación técnica incluirá os elementos seguintes:

- descrición xeral da modificación importante modelo. A documentación técnica indicará claramente todas as posibilidades de extensión que ofrezca o modelo presentado a exame,
- planos ou esquemas de deseño,
- as prescricións ou requisitos esenciais que resultan pertinentes da regulamentación aplicable e as solucións adoptadas para cumprilos, tales como normas harmonizadas,
- se procede, os resultados dos ensaios ou dos cálculos, realizados ou subcontratados pola empresa,
- un exemplar do complemento das instrucións de utilización do ascensor que foren pertinentes e,
- se for o caso, copia das declaracións «CE» de conformidade dos compoñentes de seguranza utilizados.

4. O organismo de control examinará a documentación técnica e o modelo e realizará os ensaios e/ou probas adecuados para verificar a conformidade do ascensor modificado coa regulamentación aplicable. Tales ensaios e/ou probas non poderán ser máis severos que os exixidos para a primeira posta en servizo do ascensor.

En caso de que o ascensor modificado se axuste ás prescricións ou requisitos pertinentes, o organismo de control expedirá un certificado de exame de tipo de modificación importante, o cal incluirá o nome e o enderezo da empresa, as conclusións do control, as condicións de validez do certificado e os datos necesarios para identificar o tipo aprobado.

Se o organismo de control se negar a expedir o certificado de exame de tipo, deberá motivar a súa decisión de forma detallada, precisando os requisitos que se consideran incumpridos e informando da posibilidade de recurso ante a comunidade autónoma. Se a empresa acepta a decisión do organismo de control, ou esta, se for o caso, é confirmada polo órgano competente da comunidade autónoma, deberá solicitar unha nova verificación ante o mesmo organismo de control.

5. A empresa informará o organismo de control de calquera modificación, por pequena que esta sexa, que introducise ou vaia introducir no modelo aprobado, incluídas as novas extensións ou variantes non precisadas na documentación técnica inicial. O organismo de control estudará esas modificacións e informará o solicitante de se o certificado de exame de tipo da modificación importante segue sendo válido.

6. Cada organismo de control comunicará ao órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á Comunidade Autónoma que o autorizase e aos demais organismos de control as referencias de:

- os certificados de exame de tipo de modificación importante que expedise e
- os certificados de exame de tipo de modificación importante que retirase.

7. A empresa conservará unha copia dos certificados de exame de tipo de modificación importante e dos seus complementos, xunto coa documentación técnica, durante un prazo de dez anos a partir da última data de realización dunha modificación importante do ascensor conforme o modelo examinado.

ANEXO II

Control final de modificación importante

1. A empresa que vaia realizar a modificación importante (en diante «a empresa») tomará todas as medidas necesarias para que a modificación importante que se realice sobre un ascensor se axuste ao modelo descrito no certificado de exame de tipo de modificación importante, realizado segundo o anexo I, e o ascensor modificado cumpra as prescricións regulamentarias ou requisitos esenciais de seguranza e saúde aplicables.

2. A empresa elixirá o organismo de control, de acordo co número 10.2 da ITC, que realizará ou fará realizar o control final da modificación importante do ascensor.

O organismo de control deberá recibir a seguinte documentación:

- o plano de conxunto do ascensor modificado,
- os planos e esquemas necesarios para o control final, sobre todo os esquemas dos circuítos de mando, e
- un exemplar, se for o caso, do complemento das instrucións de utilización.

O organismo de control non poderá exixir planos detallados ou información precisa que non sexan necesarios para comprobar a conformidade da modificación importante co modelo descrito no certificado de exame de tipo de modificación importante, e a do ascensor modificado coa regulamentación aplicable.

3. Para comprobar a conformidade do ascensor modificado coas correspondentes prescricións regulamentarias ou requisitos de seguranza e saúde, o organismo de control realizará os ensaios e/ou probas adecuados. Os ditos ensaios e/ou probas non poderán ser máis severos que os exixidos para a primeira posta en servizo do ascensor.

Os ensaios e/ou probas citados referiranse principalmente, se for pertinente, a:

a) o exame da documentación, para comprobar que a modificación se axusta ao modelo aprobado no exame de tipo de modificación importante;

b) - o funcionamento do ascensor modificado baleiro e con carga máxima, para comprobar a correcta montaxe e o bo funcionamento dos dispositivos de seguranza (extremo do percorrido, bloqueos, etc.),

- o funcionamento do ascensor modificado baleiro e con carga máxima, para comprobar o correcto funcionamento dos dispositivos de seguranza en caso de interrupción da subministración de enerxía, e

- o ensaio estático cunha carga de 1,25 veces a carga nominal.

Despois destes ensaios, o organismo de control comprobará que non se produciu ningunha deformación nin deterioración que poñan en perigo a utilización do ascensor modificado.

4. Se o ascensor modificado cumpre as disposicións da regulamentación aplicable, o organismo de control expedirá un certificado de control final de modificación importante en que constarán os controis e ensaios efectuados.

Se o organismo de control se nega a expedir o certificado de control final de modificación importante, deberá motivar a súa decisión de forma detallada, precisando os requisitos que se consideran incumplidos e informando da posibilidade de recurso ante a comunidade autónoma. Se a empresa acepta a decisión do organismo de control, ou esta, se for o caso, é confirmada polo órgano competente da comunidade autónoma, deberá solicitar un novo control final ante o mesmo organismo de control.

5. A empresa conservará unha copia da declaración de conformidade e do certificado de control final de modificación importante durante un período de, ao menos, dez anos a partir da última data de realización dunha modificación importante do ascensor conforme o modelo obxecto de exame de tipo.

ANEXO III

Control mediante sistema de xestión da calidade de modificacións importantes

1. A empresa que realice a modificación importante dun ascensor (en diante, «a empresa») empregará un sistema aprobado de xestión da calidade para o control final e os ensaios, segundo o especificado na epígrafe 2, e estará suxeita á vixilancia a que se fai referencia na epígrafe 3.

2. Sistema de xestión da calidade.

2.1 A empresa presentará unha solicitude de avaliación do seu sistema de xestión da calidade ante un organismo de control, de acordo co número 10.2 da ITC, elixido libremente.

Esta solicitude incluirá:

- toda a información pertinente relativa aos ascensores de que se trate,
- a documentación relativa ao sistema de xestión da calidade e
- a documentación técnica dos ascensores aprobados e unha copia dos certificados de exame de tipo de modificación importante.

2.2 No marco do sistema de xestión da calidade, examínase cada ascensor en relación coa modificación importante e realízanse os ensaios adecuados, co fin de verificar a súa conformidade coas correspondentes prescricións ou requisitos da regulamentación aplicable.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados pola empresa deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada, en forma de medidas, procedementos e instrucións escritas. A dita documentación do sistema de xestión da calidade permitirá unha interpretación uniforme dos programas, planos, manuais e expedientes de calidade.

En especial, incluirá unha descrición adecuada:

- a) dos obxectivos de calidade,
- b) do organigrama e das responsabilidades do persoal de xestión e os seus poderes no que respecta á calidade dos ascensores,
- c) dos controis e ensaios que se realizarán antes da nova posta en servizo,
- d) dos medios para verificar o funcionamento eficaz do sistema de xestión da calidade, e
- e) dos expedientes de calidade, tales como os informes de inspección e os datos dos ensaios, os datos de calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

2.3 O organismo de control avaliará o sistema de xestión da calidade para determinar se cumpre os requisitos especificados na epígrafe 2.2, e dará por suposto o cumprimento de tales requisitos cando se trate de sistemas de xestión da calidade que apliquen a norma UNE-EN-ISO 9001:2008, ou norma que a substitúa, adaptada á tecnoloxía dos ascensores.

O equipo de auditores terá, polo menos, un membro que posúa experiencia de asesor no ámbito da tecnoloxía dos ascensores. O procedemento de avaliación incluírá unha visita de inspección aos locais da empresa e unha visita de inspección a unha obra.

A decisión notificarase á empresa. A dita notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

2.4 A empresa comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de xestión da calidade tal como estea aprobado e a mantelo de forma que siga resultando adecuado e eficaz.

2.5 A empresa deberá informar o organismo de control que aprobase o sistema de xestión da calidade de todo proxecto de adaptación do sistema de xestión da calidade.

O organismo de control deberá avaliar as modificacións propostas e decidir se o sistema de xestión da calidade modificado segue cumprindo os requisitos mencionados na epígrafe 3.2 ou se é necesaria unha nova avaliación.

Deberá notificar a súa decisión á empresa. A notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

3. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo de control.

3.1 O obxectivo da vixilancia é garantir que a empresa cumpre debidamente as obrigas que deriven do sistema de xestión da calidade aprobado.

3.2 A empresa permitirá a entrada do organismo de control nas instalacións de inspección e ensaio para que este poida facer as inspeccións necesarias e proporcionarlle toda a información necesaria, en especial:

- a documentación sobre o sistema de xestión da calidade
- a documentación técnica e
- os expedientes de calidade, como, por exemplo, os informes de inspección e os datos sobre ensaios e sobre calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

3.3 O organismo de control efectuará periodicamente auditorías a fin de asegurarse de que a empresa mantén e aplica o sistema de xestión da calidade e facilitaralle un informe desas auditorías.

3.4 Por outra parte, o organismo de control poderá efectuar visitas de inspección de improviso ás obras en que se realice unha modificación importante.

No transcurso das visitas, o organismo de control poderá efectuar ou facer efectuar ensaios con obxecto de comprobar, se se considera necesario, o bo funcionamento do sistema de xestión da calidade e do ascensor, presentará á empresa un informe sobre a inspección e, se se tiver realizado un ensaio, un informe sobre el.

4. A empresa manterá ao dispor dos órganos competentes das comunidades autónomas durante dez anos a partir da data da modificación importante dun ascensor, realizada de acordo co sistema aprobado:

- a documentación mencionada no terceiro guión do parágrafo segundo da epígrafe 2.1;
- as adaptacións citadas no primeiro parágrafo da epígrafe 2.5;
- as decisións e informes do organismo de control a que se fai referencia no último parágrafo da epígrafe 2.5 e nas epígrafes 3.3 e 3.4.

5. Cada organismo de control comunicará ao órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á comunidade autónoma que o autorizase e aos demais organismos de control as referencias de:

- os sistemas de xestión da calidade que expedise e
- os sistemas de xestión da calidade que retirase.

ANEXO IV

Sistema de xestión total da calidade de modificacións importantes

1. A empresa que realice a modificación importante do ascensor (en diante «a empresa») aplicará un sistema de xestión de calidade aprobado para o deseño, a fabricación, a montaxe, a instalación, o control final dos ascensores e os ensaios, tal como se especifica na epígrafe 2, e estará suxeita á vixilancia mencionada na epígrafe 3.

2. Sistema de aseguramento de calidade.

2.1 A empresa presentará unha solicitude de avaliación do seu sistema de xestión de calidade para as modificacións importantes a un organismo de control, de acordo co número 10.2 da ITC, libremente elixido.

A solicitude incluírá:

- toda a información pertinente sobre os ascensores, sobre todo aquela que facilite unha mellor comprensión da relación entre o deseño e o funcionamento do ascensor e que permita avaliar a conformidade coas prescricións e requisitos da regulamentación aplicable, así como

- a documentación relativa ao sistema de xestión de calidade.

2.2 O sistema de xestión de calidade asegurará a conformidade dos ascensores modificados coas prescricións e requisitos pertinentes da regulamentación aplicable.

Todos os elementos, requisitos e disposicións adoptados pola empresa deberán figurar nunha documentación levada de maneira sistemática e ordenada en forma de medidas, procedementos e instrucións escritas. Esta documentación do sistema de xestión de calidade permitirá unha interpretación uniforme das medidas de procedemento e de calidade, como por exemplo, os programas, planos, manuais e expedientes de calidade.

En especial, a dita documentación incluírá unha descrición adecuada:

- dos obxectivos de calidade, do organigrama e das responsabilidades do persoal de xestión e os seus poderes no que se refire á calidade do deseño e á calidade das modificacións importantes dos ascensores,

- das especificacións técnicas do deseño, incluídas as normas harmonizadas que, se for o caso, se aplicarán e, cando as ditas normas non se apliquen na súa totalidade, dos medios que se utilizarán para que se cumpran os requisitos pertinentes,

- das técnicas de control e verificación do deseño, dos procedementos e das actividades sistemáticas que se utilizarán en aplicación do deseño das modificacións importantes dos ascensores,

- dos controis e ensaios que se realizarán ao recibir fornecementos de materiais, de compoñentes e de subconxuntos,

- das técnicas correspondentes de montaxe e instalación e de control de calidade e dos procedementos e actividades sistemáticos que serán utilizados,

- dos controis e ensaios que se efectuarán antes, durante e despois da instalación,

- dos expedientes de calidade, como por exemplo, os informes de inspección e os datos de ensaios e de calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc., así como

- dos medios para verificar a obtención da calidade desexada en materia de deseño e instalación, e o funcionamento eficaz do sistema de xestión de calidade.

2.3 Control de deseño

Cando o deseño non estea totalmente conforme coas normas harmonizadas, o organismo de control examinará a conformidade do deseño coas disposicións pertinentes da regulamentación aplicable e, en caso de que así sexa, expedirá á empresa un certificado de exame do deseño que precise os límites da súa validez e os datos necesarios para a identificación do deseño aprobado.

2.4 Control do sistema de xestión de calidade

O organismo de control avaliará o sistema de xestión de calidade para determinar se cumpre os requisitos a que se refire a epígrafe 2.2. Dará por suposto o cumprimento dos ditos requisitos cando se trate de sistemas de calidade que apliquen a norma UNE-EN-ISO 9001:2008.

O equipo de auditores terá polo menos un membro que posúa experiencia de asesor no ámbito da tecnoloxía dos ascensores. O procedemento de avaliación incluírá unha visita aos locais da empresa e unha visita a unha das obras de instalación.

A decisión notificaráselle á empresa. A dita notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

2.5 A empresa comprometerase a cumprir as obrigas que deriven do sistema de xestión de calidade tal como se aprobase e a facer que siga resultando adecuado e eficaz.

A empresa manterá informado o organismo de control que aprobase o sistema de xestión de calidade de calquera proxecto de adaptación do sistema de xestión de calidade.

O organismo de control avaliará as modificacións propostas e decidirá se o sistema de xestión de calidade modificado segue cumprindo os requisitos contidos na epígrafe 2.2, ou se é precisa unha nova avaliación.

O organismo notificará a súa decisión á empresa. Esta notificación incluírá as conclusións do control e a decisión de avaliación motivada.

3. Vixilancia baixo a responsabilidade do organismo de control

3.1 O obxectivo da vixilancia consiste en asegurarse de que a empresa cumpre debidamente as obrigas que deriven do sistema de xestión de calidade aprobado.

3.2 A empresa autorizará o organismo de control para ter acceso, con fins de inspección, ás súas instalacións de deseño, fabricación, montaxe, instalación, inspección, ensaio e almacenamento, e facilitaralle toda a información necesaria, en particular:

- a documentación sobre o sistema de xestión de calidade,
- os expedientes de calidade previstos na fase de deseño do sistema de xestión de calidade, como, por exemplo, os resultados das análises, cálculos, ensaios, etc., e
- os expedientes de calidade previstos na fase do sistema de xestión de calidade dedicada á recepción de subministracións e á instalación, como, por exemplo, os informes de inspección e os datos de ensaios, os datos de calibración, os informes sobre a cualificación do persoal afectado, etc.

3.3 O organismo de control realizará auditorías periodicamente para asegurarse de que a empresa mantén e aplica o sistema de xestión de calidade, e facilitaralle un informe delas.

3.4 Ademais, o organismo de control poderá efectuar visitas de inspección de improviso aos locais da empresa ou a unha das obras de execución dunha modificación importante. No transcurso das visitas, o organismo de control poderá efectuar ou facer efectuar ensaios para comprobar, se é necesario, que o sistema de xestión de calidade funciona correctamente. O dito organismo facilitará á empresa un informe da inspección e, cando se realizasen ensaios, un informe destes.

4. A empresa manterá ao dispor dos órganos competentes das comunidades autónomas, durante dez anos a partir da data da modificación importante dun ascensor, realizada de acordo co sistema aprobado:

- a documentación determinada no segundo guión do parágrafo segundo da epígrafe 2.1.
- as adaptacións determinadas no parágrafo segundo da epígrafe 2.5.
- as decisións e informes do organismo de control determinados no último parágrafo da epígrafe 2.5 e nas epígrafes 3.3 e 3.4.

5. Cada organismo de control comunicará ao órgano competente en materia de seguranza industrial do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á Comunidade Autónoma que o autorizase e aos demais organismos de control as referencias de:

- os sistemas de xestión da calidade que expedise e
- os sistemas de xestión da calidade que retirase.

ANEXO V

Verificación por unidade dunha modificación importante

1. A empresa que vaia realizar a modificación importante (en diante «a empresa») presentará a solicitude de verificación por unidade dunha modificación importante a un organismo de control, de acordo co número 10.2 da ITC, elixido libremente.

A solicitude incluirá:

- o nome e enderezo da empresa, así como o lugar en que se encontre instalado o ascensor,
- unha declaración escrita en que se especifique que a mesma solicitude non se presentou a ningún outro organismo de control e
- a documentación técnica relativa á modificación importante.

2. A documentación técnica relativa á modificación importante deberá permitir a avaliación da conformidade do ascensor modificado coas prescricións ou requisitos pertinentes da regulamentación aplicable e a comprensión do deseño, da instalación e do seu funcionamento.

Na medida en que sexa necesario para a avaliación da conformidade, a documentación técnica relativa á modificación importante incluirá os elementos seguintes:

- descrición xeral da modificación importante modelo e o modo en que afecta o ascensor instalado,
- planos ou esquemas de deseño,
- as prescricións ou requisitos esenciais que resultan pertinentes da regulamentación aplicable e a solución adoptada para cumprilos (por exemplo, norma harmonizada),
- se procede, os resultados dos ensaios ou dos cálculos, realizados ou subcontratados pola empresa,
- un exemplar do complemento das instrucións de utilización do ascensor que sexan pertinentes e,
- se for o caso, copia das declaracións «CE» de conformidade dos compoñentes de seguranza utilizados.

3. O organismo de control examinará a documentación técnica e realizará os ensaios e/ou probas adecuados para verificar a conformidade do ascensor modificado coa regulamentación aplicable. Os ditos ensaios e/ou probas non poderán ser máis severos que os exixidos para a primeira posta en servizo do ascensor.

En caso de que o ascensor modificado se axuste ás prescricións ou requisitos pertinentes, o organismo de control expedirá un certificado de verificación por unidade de modificación importante, o cal incluirá o nome e o enderezo da empresa titular da

modificación, as conclusións do control, as condicións de validez do certificado e os datos necesarios para identificar a modificación importante aprobada.

Se o organismo de control se nega a expedir o certificado de verificación por unidade da modificación importante, deberá motivar a súa decisión de forma detallada, precisando os requisitos que se consideran incumplidos e informando da posibilidade de recurso ante a comunidade autónoma. Se a empresa acepta a decisión do organismo de control, ou esta, se for o caso, é confirmada polo órgano competente da comunidade autónoma, deberá solicitar unha nova verificación ante o mesmo organismo de control.

4. A empresa conservará ao dispor dos órganos competentes das comunidades autónomas unha copia dos certificados de verificación unitaria, xunto coa documentación técnica, durante un prazo de dez anos a partir da data de realización da modificación importante do ascensor.

ANEXO VI

Protocolos de inspección

1. Criterios xerais

A fin de materializar o indicado no número 11 desta ITC, aplicarase o seguinte:

1.1 As inspeccións periódicas non poden ser máis exixentes que as pedidas antes da posta en servizo.

1.2 Estas probas non deben, pola súa repetición, provocar desgaste excesivo nin impor sobrecargas capaces de reducir a seguranza do ascensor. Este é o caso, moi particular, das probas en elementos como o paracaídas e os amortecedores que, se son ensaiados, deben selo coa cabina baleira e a velocidade reducida. A capacidade destes elementos foi verificada durante o ensaio do tipo, a súa instalación no seu lugar e o seu funcionamento foron comprobados en ensaio antes da posta en servizo.

1.3 A persoa encargada das probas periódicas debe asegurarse de que estes elementos, que non actúan en servizo normal, están sempre en condicións de funcionar.

1.4 As inspeccións deben referirse:

1.4.1 Ao estado mecánico das portas de piso e garantía de feche e condena posterior.

1.4.2 Aos dispositivos de encravamento.

1.4.3 Aos medios de suspensión e tracción.

1.4.4 Ao freo mecánico. Se os elementos de freada son tales que, en caso de fallo dun deles, non sexa o outro suficiente para reducir a velocidade da cabina, realizarase unha verificación profunda dos núcleos, eixes e articulacións para asegurarse de que non hai desgaste, corrosión ou sucidade por graxa, prexudicial para o seu bo funcionamento.

1.4.5 Ao limitador de velocidade.

1.4.6 Ao paracaídas, probado con cabina baleira e a velocidade reducida.

1.4.7 Aos amortecedores ensaiados con cabina baleira e a velocidade reducida.

1.4.8 Ao dispositivo de petición de socorro.

2. Protocolos específicos

Considerarase que os criterios establecidos na norma UNE 192008 satisfán o indicado na epígrafe 1 anterior.

ANEXO VII

Lista de excepcións recoñecidas a que se refire o número 14.2 da ITC

1. Modificación dos medios de suspensión

Modificación dos medios de suspensión e tracción, os seus elementos e fixacións (cambios, en xeral asociados ao das máquinas existentes polas modernas sen

engrenaxes e de motores controlados), que supoña o cambio dos sistemas baseados en cables trenzados de aceiro por outros baseados en fitas de aceiro recubertas de plásticos, cables plásticos, cables de aceiro de diámetro reducido, etc.

2. Apagamento ou atenuación da iluminación da cabina.

A iluminación da cabina poderá apagarse ou atenuarse, segundo o caso, se se cumpren as seguintes condicións:

a) Para todos os ascensores:

- a.1. Ao abrir a porta de piso acéndese inmediatamente a iluminación normal;
- a.2. Se a cabina inicia unha viaxe e durante ela se detén anormalmente fóra da zona de desencravamento de calquera porta de piso, o sistema de apagamento ou atenuación descrito nos números seguintes queda inoperativo, e a cabina continúa iluminada permanentemente coa súa iluminación normal até a reposición do servizo do ascensor.

b) Ascensores dotados de portas de piso de accionamento automático:

A iluminación pode cortarse ou atenuarse mentres a cabina se encontre estacionada nun piso e coa porta de piso cerrada.

c) Ascensores dotados de portas de piso de accionamento manual:

c.1. Sen miras transparentes.

A iluminación pode apagarse ou atenuarse, en canto a cabina se encontre estacionada nun piso e coa porta de piso cerrada, se o control de presenza de cabina detrás da porta se realiza mediante un sinal luminoso que soamente pode acenderse cando a cabina está a punto de deterse ou detida no piso considerado. Este sinal debe permanecer aceso en canto a cabina permaneza nese piso.

c.2. Con unha ou máis miras transparentes.

A iluminación pode atenuarse, en canto a cabina se encontre estacionada nun piso e coa porta de piso cerrada, se a atenuación é tal que segue permitindo poder saber, antes de abrir a porta, se a cabina se encontra ou non detrás.

ANEXO VIII

Modelos orientativos de documentación para o rexistro dos ascensores

ASCENSOR CE

DOCUMENTOS DE POSTA EN SERVIZO PARA A ADMINISTRACIÓN

N.º de instalación

DATOS DO TITULAR

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF OU CIF
ENDEREZO	TFNO.
LOCALIDADE / MUNICIPIO	

DATOS DA INSTALACIÓN

ENDEREZO	Nº / Portal
LOCALIDADE / MUNICIPIO	CÓD. POSTAL
Identificación do ascensor dentro do edificio	
CARGA ÚTIL	VELOCIDADE
	NOMINAL
ORZAMENTO	Nº PERSOAS

DATOS DO INSTALADOR

RAZÓN SOCIAL	Nº Rexistro Industrial Integrado
Correo electrónico	Tfno Fax

Aparello instalado conforme o Real decreto nn/aaaa, de nn de mm, polo que se aproba a Instrución técnica complementaria (*) AEM 1 "ascensores" do Regulamento de aparellos de elevación e manutención.

DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA

- DECLARACIÓN "CE" DE CONFORMIDADE	DOCUMENTACIÓN TÉCNICA
	- CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS PRINCIPAIS E LISTA DE COMPONENTES DE SEGURANZA
	- PLANOS:
	<ul style="list-style-type: none"> ● Plano de localización da instalación ● Plano de localización no edificio ● Planos de características da instalación
- CONTRATO DE MANTEMENTO (Con CIF ou NIF)	<ul style="list-style-type: none"> ● Esquemas eléctricos de iluminación, potencia e circuitos de seguranza

RAE:

FICHA TÉCNICA

CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS

MODELO OU TIPO	MARCACIÓN CE
DESEÑADO POR	

INSTALADOR	Nº DO REXISTRO INTEGRADO INDUSTRIAL
EMPRESA CONSERVADORA	Nº DE REXISTRO
DATOS DA INSTALACIÓN	
ENDEREZO	Número / Portal
LOCALIDADE / MUNICIPIO	Código postal
Identificación do ascensor dentro do edificio	

DATOS TÉCNICOS		
Carga útil (kg)	Velocidade	Cuarto de máquinas
Nº persoas	Control vel:	
Nº paradas	Potencia (kW)	Medios de acceso
Percorrido	Tensión de alimentación (V)	Oco
Cables	Corrente máx. (A)	Portas descanso
Manobra	Suspensión	Largo cabina
Masa cabina (kg)	Guías cabina	Fondo cabina
Nº cilindros	Guías contrapeso	Portas (luz) (m)

COMPOÑENTES DE SEGURANZA	Identificación e certificación ON
Dispositivo de bloqueo das portas de descanso	
Dispositivo para previr a caída libre da cabina ou movementos ascendentes incontrolados	
Dispositivo de limitación do exceso de velocidade	
Amortecedores de acumulación ou disipación de enerxía	
Compoñentes de seguranza dos circuitos hidráulicos de potencia	
Dispositivos eléctricos de seguranza en forma de interruptores de seguranza que conteñan compoñentes electrónicos	
RESISTENCIA AO LUME DE PORTAS	

USO	ACCIONAMENTO	TIPO

CARACTERÍSTICAS DE CABLES E CADEAS		
Cables de tracción	Cables de limitador	Cadea

OBSERVACIÓNS

Asdo.: (sinatura do responsable apoderado polo instalador e carimbo do instalador)

DECLARACIÓN CE DE CONFORMIDADE

O instalador
Con domicilio en:


CIF nº

DECLARA que o ascensor

- | | |
|--------------------|---------------------------|
| - Tipo ou modelo: | - Enderezo da instalación |
| - Carga útil (kg): | - Nº / Portal |
| - Nº persoas: | - Localidade / municipio |
| - Nº de paradas: | - C. Postal |
| | - Ano de instalación |

- que, no momento da súa posta en servizo, cumpre os requisitos establecidos pola Directiva 95/16/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre ascensores.

Para a avaliación da conformidade do ascensor empregáronse o/os seguinte/s procedemento/s de entre os previstos no artigo 8 da directiva:



Tendo intervido como organismo/s notificado/s:

1. (Na fase de deseño - anexos V.B ao XIII)

Nome ou razón social:

Nº de identificación:

2. (Na fase de produción – anexos VI, X, XII, XIII ao XIV)

Nome ou razón social:

Nº de identificación:

- que o ascensor foi sometido aos controis e ensaios requiridos, con resultados favorables, e non se produciu ningunha deformación nin deterioración que poña en perigo a súa utilización, segundo consta na acta de ensaio final.

- que, así mesmo, cumpre coas directivas 2006/95/CE (DBT), 2004/108/CE (EMC), 2006/42/CE (DM) e 89/106/CEE (DPC);

- que o deseño foi realizado conforme as normas [EN 81, parte]

En (lugar da sinatura), (dd) de (mm) de (aaaa)

Asdo.: (persoa con poderes legais para actuar en nome do instalador)

ANEXO IX

Modelo orientativo da declaración responsable da empresa conservadora de ascensores, en virtude do número 7.

A seguir propónse un modelo de declaración responsable, axustado ás necesidades do Rexistro Integrado Industrial.

**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE EMPRESAS DE SERVICIOS
EN MATERIA DE SEGURANZA INDUSTRIAL**

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA AO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS EXIXIDOS POLA INSTRUCIÓN TÉCNICA COMPLEMENTARIA AEM1, QUE HABILITA AS EMPRESAS QUE A REALIZAN PARA O EXERCICIO DA ACTIVIDADE.

Pág. 1

Carimbo e data de entrada: N° EXPEDIENTE OU N° REFERENCIA ELECTRÓNICA DA DECLARACIÓN

1	IDENTIFICACIÓN DO DECLARANTE		DNI / NIF / NIE / PASAPORTE <input type="text"/>
Nome <input type="text"/>		Apelido 1° <input type="text"/>	Apelido 2° <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> Titular		<input type="checkbox"/> Representante legal	
Enderezo <input type="text"/>		Localidade <input type="text"/>	
Provincia <input type="text"/>	Cód. Postal <input type="text"/>	País <input type="text"/>	
Teléfono <input type="text"/>	Fax <input type="text"/>	Correo electrónico <input type="text"/>	

2	IDENTIFICACIÓN DA EMPRESA DECLARADA (persoa física ou xurídica)		CIF / NIF <input type="text"/>
Nome / Razón social <input type="text"/>			
Apelido 1° <input type="text"/>		Apelido 2° <input type="text"/>	
Nome comercial <input type="text"/>			
Rúa/Praza/Outros <input type="text"/>		N° / Piso <input type="text"/>	
Localidade <input type="text"/>		C. Postal <input type="text"/>	Provincia <input type="text"/>
País <input type="text"/>		Teléfono <input type="text"/>	Fax <input type="text"/>
Enderezo web <input type="text"/>		Correo electrónico <input type="text"/>	

Cumprindo co previsto no artigo 4 e o artigo 12.1, alíneas d) e e), da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, na redacción dada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, e co obxecto de que a empresa anteriormente identificada estea habilitada para o exercicio de actividades reguladas por regulamentos de seguranza industrial, segundo o previsto no artigo 4.3 da mencionada Lei 21/1992, quen subscribe este documento,

3	DECLARA					
<p>1. Que, como representante da empresa, dispoño de poder legal suficiente para actuar en nome dela.</p> <p>2. Que a empresa que represento dispón de escritura de constitución e de estatutos, os cales están debidamente inscritos no rexistro mercantil, ou, que, como titular da empresa individual declarada, dispoño da documentación acreditativa de constitución de índole fiscal e laboral.</p> <p>3. Que a empresa cumpre con todos os requisitos exixidos nos correspondentes regulamentos de seguranza industrial para o exercicio das actividades relacionadas coas especialidades, categorías e modalidades seguintes:</p>						
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 30%;">Normativa</th> <th>Especialidade</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>[RD nnn/aaaa]</td> <td>Empresa conservadora de ascensores</td> </tr> </tbody> </table>		Normativa	Especialidade	[RD nnn/aaaa]	Empresa conservadora de ascensores	
Normativa	Especialidade					
[RD nnn/aaaa]	Empresa conservadora de ascensores					
<p>4. Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente que cubra os danos que poidan provocar na prestación do servizo por unha contía mínima de 900.000 euros, por accidente.</p>						
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 70%;">A ENTIDADE</th> <th>CAPITAL ASEGURADO (€)</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td></td> <td style="text-align: right;">900.000</td> </tr> </tbody> </table>		A ENTIDADE	CAPITAL ASEGURADO (€)		900.000	
A ENTIDADE	CAPITAL ASEGURADO (€)					
	900.000					
<p>5. Que a empresa dispón, ademais, das seguintes credenciais relacionadas coa actividade:</p>						
<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse;"> <thead> <tr> <th style="width: 10%;">B</th> <th>OUTRAS CREDENCIAIS RELACIONADAS COA ACTIVIDADE</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </tbody> </table>		B	OUTRAS CREDENCIAIS RELACIONADAS COA ACTIVIDADE			
B	OUTRAS CREDENCIAIS RELACIONADAS COA ACTIVIDADE					
<p>6. Que dispón da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos e das outras credenciais relacionadas, que facilitará á autoridade competente cando esta as requira no exercicio das súas facultades de control.</p>						

(Continua na folia seguinte)

